

Campionato Absoluto Provincial de Ourense 2019 **6, 12 e 13 de Xaneiro de 2019**

- 1) Poderán participar os xogadores **federados na tempada 2019 en clubs da provincia de Ourense e que teñan nacionalidade española, bandeira FIDE española e ser seleccionables por Galicia.**
- 2) **Lugar de Xogo:** Sociedad Artística La Troya sita na Rúa Ribera de Canedo, Nº 2 - 32001 Ourense.
- 3) Horarios e roldas :
 - Domingo 6/01/2019: 1ª Rolda ás 16:00 horas.
2ª Rolda ás 18:30 horas
 - Sábado, 12/01/2019: 3ª Rolda ás 16:00 horas.
4ª Rolda ás 18:30 horas.
 - Domingo, 13/01/2019: 5ª Rolda ás 11:00 horas.
6ª Rolda ás 17:00 horas.

Entrega de Premios o 13/01/2018 ás 19:30 horas

- 4) Sistema e ritmo de xogo: suízo a 6 roldas, 60 m + 30 s/xogada.
- 5) O presente torneo é valedeiro para ELO FIDE. Clasificarase cos gastos pagos ao Campionato Galego, **o primeiro clasificado da xeral.**
- 6) **Premios:** trofeos aos 3 primeiros, 1º feminina e 1º veterano (+65 anos).
- 7) **Inscrición:** De balde ata o xoves 03 de xaneiro ás 24 h. [aquí](https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSdgaSNudwZnCpVRhuFo58eKFqNSosn94hWDksskbOq890ohyg/viewform), ou no seguinte enlace
<https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSdgaSNudwZnCpVRhuFo58eKFqNSosn94hWDksskbOq890ohyg/viewform>

(se queres tamén podes copiar o enderezo no navegador)

Non se aceptará ningunha incrición despois desta data. Poderanse solicitar byes de medio punto só para a ronda 1 e 2, o resto de byes **sen puntos.**

Para comprobar se xa estás inscrito/a accede á seguinte ligazón: [inscritos torneo](#).

- 8) O árbitro do presente torneo será: o árbitro Internacional, D. Francisco Ogando González.
Organiza: Club Ajedrez La Troya e a Federación Galega de Xadrez
Colabora: Axou (Asociación de Clubes Ourensás)

BASES TÉCNICAS

- 9) Empregarase o programa VEGA para os emparellamentos.
- 10) Acordos de táboas:** Non está permitido acordar táboas co opoñente antes da xogada 20 sen o consentimento do árbitro principal ou da persoa na que este delegue (en ningún caso un xogador do torneo).
- 11) Os **sistemas de desempate** serán:
- Primeiro:** Resultado do encontro directo. Este sistema aplicarase só se todos os xogadores empatados a puntos xogaron entre si.
- Segundo:** *Bucholz mediano* (quitando a mellor e a peor puntuación).
- Terceiro:** *Bucholz Brasileño* (quitando a peor puntuación).
- Cuarto:** *Sistema ARPO* (Media de las performances recursivas de los rivales, quitando o mellor e o peor),
- Notas:** O tratamento das partidas non disputadas para o cálculo do Bucholz. A efectos de desempate, as partidas non disputadas serán consideradas como se xogara contra un opoñente virtual.
- 12) Segundo a regulamentación da FIDE, lémbrese a todos os xogadores que desconecten os teléfonos móbiles, pois o emprego dos mesmos na sala de xogo conleva a perda da partida en xogo do infractor. Asimesmo está prohibido calquer outro medio electrónico de comunicación.
- 13) Recórdase que os xogadores deberán comportarse de forma que non deshonren o xogo do xadrez, no caso contrario daráselles a partida por perdida.
- 14) Perderá a partida o xogador que se presente na Sala de Xogo con máis de 30 minutos de retraso con respecto á hora programada de inicio da ronda. En ambos casos, quedará a criterio do Árbitro flexibilizar o tempo de tolerancia
- 15) A incomparecencia non xustificada dun xogador causará a súa automática eliminación do Torneo.
- 16) As decisións do árbitro son inapelables.
- 17) Non se permitirán análises na sala de xogo.

18) Recoméndase aos participantes a notificación a algún árbitro cando, por razón xustificada, abandonen a sala de xogo no transcurso das súas partidas. Queda prohibido aos xogadores o acceso á sala de análise mentres as súas partidas estean en xogo.

19) A organización resérvase o dereito de modificar as presentes bases en beneficio do correcto desenvolvemento do torneo. E sen outra obriga que publicar as novas bases no taboleiro da sala de xogo.

20) CESIÓN DE DEREITOS DE IMAXE

A inscrición a este torneo implica a aceptación das bases do mesmo así como autoriza de forma expresa e voluntaria á **ORGANIZACIÓN**, a empregar gratuitamente os vídeos, imaxes e/ou audios nos que este interveña -incluso aqueles facilitados polo mesmo coa finalidade de:

Publicar na páxina web así como en calquera das redes sociais das que forme parte ou outra publicación impresa e/ou dixital co fin de dar unha maior visibilidade e/ou difusión á actividade da Organización.

Dita autorización refírese á totalidade dos usos que poidan ter os videos, imaxes e/ou audios nos que apareza, empregando os medios técnicos coñecidos na actualidade e os que poideran desenvolverse no futuro, e para calquer aplicación. Todo elo coa única salvedade e limitación de aquelas utilizacións ou aplicacións que puidieran atentar ao dereito ao honor nos termos previstos na Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, de protección civil ao dereito ao honor, a intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

A autorización non fixa ningún límite de tempo para a súa concesión nin para a explotación nas que apareza, polo que a autorización considérase concedida por un prazo de tempo ilimitado.

Esta autorización pode ser revocada en calquier momento polo Interesado, coa salvedade de aquelas actuacións/campañas que estean en marcha, en cuxo caso deberán finalizar para que empece a facer efecto a revocación, polo que a retirada do consentimento, non terá carácter retroactivo.



FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ

O árbitro principal
Francisco Ogando González